



## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

*Resolución de inscrición e publicación do V Convenio Colectivo do persoal de xardinería do centro de traballo de Santiago de Compostela da empresa Prezero España S.A.*

Con data 22 de setembro de 2022 tivo entrada no REGCON o V convenio colectivo do persoal de xardinería do centro de traballo de Santiago de Compostela da empresa Prezero España SA, co código 15100041012011, solicitando a súa inscrición e publicación.

O 3 de novembro de 2022 fíxose un requirimento que atendeu dando cumprimento ao solicitado o 16 de novembro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2010), así como na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial de Promoción do Emprego e Igualdade da Coruña é competente para resolver a inscrición e publicación deste convenio, ao abeiro do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, de 16 de maio de 2022) e no Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130, de 08 de xullo de 2022).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Inscribir o V convenio colectivo do persoal de xardinería do centro de traballo de Santiago de Compostela da empresa Prezero España SA , 2021-2024, no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ordenar a remisión do texto deste convenio colectivo ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 17 de novembro de 2022

A xefa territorial de Promoción do Emprego e Igualdade

Judit Fontela Baro

### CONVENIO PREZERO 2021-2024

#### V CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL DE XARDINERÍA DO CENTRO TRABALLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DA EMPRESA PREZERO ESPAÑA, S.A.:

Partes Firmantes do Convenio PREZERO STGO: firman tres membros dos cinco do comité de empresa e non firman dous.		
FIRMANTES :	NON FIRMANTES:	Representación Empresarial
D.Mario Pereira Ucha (UGT) DNI 33.290.802G D.José Fernández Bardanca (CCOO) DNI 33.269.065W; D.Plácido Pereira Ucha (STL) DNI 44811327J;	Dna.Elisa Ares Albor(CIG) DNI 33.292.523T D.Ignacio Cereijo Pazos (CIG): 13109811H	D. Luis Incera Martínez, DNI 13.763.848-G; D. José Manuel Calvo Anca, DNI 32687351-G, D. Manuel Polledo Cerdeiriña DNI 32.815.930-J.

Recoñecéndose ambas partes capacidade e lexitimación dabondo para a firma do presente convenio colectivo.

## INDICE

**CAPÍTULO I. ÁMBITO DE APLICACIÓN E DURACIÓN**

Artigo 1.º.-Ámbito territorial e Persoal

Artigo 2.º Vixencia, duración e prórroga.

Artigo 3.º Prelación de normas.

Artigo 4.º Compensación e absorción.

Artigo 5.º Vinculación á totalidade.

Artigo 6.º Comisión paritaria.

**CAPÍTULO II.-CONTRATACIÓN E C. FUNCIONAL**

Artigo 7.º Contratación.

Artigo 8.º Clasificación funcional.

Artigo 9.º Período de proba.

Artigo 10.º Ascensos e promocións.

Artigo 11.º Traballos de superior e inferior categoría.

Artigo 12.º Preaviso de cesamento.

Artigo 13.º Excedencia.

**CAPÍTULO III**

Artigo 14.º Xornada de traballo.

Artigo 15.º Horas extraordinarias.

Artigo 16.º Vacacións.

Artigo 17.º Licenzas.

**CAPÍTULO IV**

Artigo 18.º Réxime disciplinario.

Artigo 19.º Gradación das faltas.

Artigo 20.º Faltas leves.

Artigo 21.º Faltas graves.

Artigo 22.º Faltas moi graves.

Artigo 23.º Prescrición das infraccións e faltas.

Artigo 24.º Sancións. Aplicación.

**CAPÍTULO V**

Artigo 25.º Salario base mensual.

Artigo 26.º Plus de nocturnidade.

Artigo 27.º Plus antigüidade.

Artigo 28.º Plus Asistencia.

Artigo 29.º Plus de traballos tóxicos, penosos, peligrosos.

Artigo 30.º Pagas extraordinarias.

Artigo 31.º Desprazamentos e dietas.

**CAPÍTULO VI**

Artigo 32.º Dereito de reunión e informacion.

Artigo 33.º . Asembleas.

artigo 34.º.-horas sindicais e acumulación crédito horario

**CAPÍTULO VII.-MELLORAS SOCIAIS**

Artigo 35.º Complementos en caso de I.T.

Artigo 36.º Prestacion por invalidez e morte

Artigo 37.º Beneficios sociais e préstamos reintegrabl.

Artigo 38.º Gratificación por permanencia.

Artigo 39.º Xubilación.

Artigo 40.º Xubilación anticipada parcial.

Artigo 41.º Asistencia a consultorios médicos.

Artigo 42.º Dereitos lingüísticos; normalización do galego.

Artigo 43.º Emprego fixo.

Artigo 44.º Equipo de traballo.

Artigo 45.º Saúde, seguridade e PRL

Artigo 46.º Cláusula de subrogación.

Artigo 47.º Igualdade de condicións.

**Artigo 1.º.-Ámbito territorial e Persoal**

O presente convenio será de aplicación a todos os traballadores da delegación de Santiago de Compostela dedicados exclusivamente a xardinería, tanto os traballos de conservación e mantemento de zonas verdes municipais do Concello, como os traballos de obras e complementarios, igualmente do Concello de Santiago, derivados do contrato administrativo para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do concello de Santiago de Compostela, co número de expediente SERV/ABR/C08.01.01/2021000044.

**Artigo 2.º Vixencia, duración e prórroga.**

O presente convenio estará vixente dende o un de xaneiro do 2021 ata o 31 de decembro do 2024.

Finalizada a súa vixencia, manterase o contido do convenio indefinidamente mentres non se firme uno novo.

Chegado o seu vencemento, entenderase tacitamente prorrogado de ano en ano, se non é denunciado con un mes de antelación por calquera das partes, dando comunicación á vez á outra parte.

O presente convenio estará vixente dende a súa firma. Os conceptos económicos terán efectos retroactivos a un de xaneiro de 2021.

**Artigo 3.º Prelación de normas.**

As normas contidas no presente convenio regularán as relacións entre a empresa e o seu persoal, comprendidos dentro dos ámbitos territorial, funcional e persoal que se expresan no artigo 1.º do mesmo.

No non previsto expresamente no texto do presente convenio, será de aplicación o Estatuto dos Traballadores e demais normas complementarias contidas na lexislación laboral vixente. O convenio estatal de xardinería será de aplicación nos termos establecidos no Estatuto dos Traballadores.

**Artigo 4.º Compensación e absorción.**

As condicións contidas no presente convenio substitúen na súa totalidade ás que actualmente veñen rexendo entendéndose que examinadas no seu conxunto, ditas disposicións son máis beneficiosas que as que ata agora rexían para os traballadores incluídos no mesmo.

Se existise algún traballador/a que tivese recoñecidas condicións que, examinadas no seu conxunto e no cómputo anual, fosen superiores ás que para os traballadores da mesma cualificación se establecen no presente convenio, respectaranse aquelas con carácter estritamente persoal e soamente para os traballadores/as a quen afecte.

A posible aplicación de futuras normas laborais deberá valorarse no seu conxunto e cómputo anual, quedando compensadas e absorbidas polas condicións pactadas neste convenio, en tanto estas, consideradas globalmente, non resulten superadas por aquelas.

Quedan exceptuadas do establecido no parágrafo anterior aquelas normas vindeiras de carácter xeral que ostentan a condición de dereito necesario e non compensable en cómputo anual.

#### **Artigo 5.º Vinculación á totalidade.**

As condicións pactadas forman un todo orgánico e indivisible e a efectos da súa aplicación práctica serán consideradas globalmente.

No caso de que a autoridade administrativa laboral ou xudicial, facendo uso das súas facultades, considere que algún dos pactos conculca a legalidade vixente, o presente convenio terá efectos a excepción do artigo ou artigos que se determine reconsiderar. Esta reconsideración levará a efecto dentro dos tres meses seguintes á notificación da norma afectada.

#### **Artigo 6.º Comisión paritaria.**

Ambas as partes negociadoras acordan establecer unha comisión paritaria como órgano de interpretación, arbitraje, conciliación e vixilancia do cumprimento do convenio.

**Composición.**—A comisión paritaria estará integrada paritariamente por tres vogais en representación dos empresarios e outros tres en representación dos traballadores, todos eles elixidos entre as persoas asinantes do convenio.

**Asesores.**—Esta comisión poderá utilizar os servizos ocasionais ou permanentes de asesores en cantas materias sexan da súa competencia. Devanditos asesores serán designados libremente por cada unha das partes.

#### **Funcións específicas:**

- 1.º. Interpretación auténtica do convenio.
- 2.º. Arbitraje dos problemas ou conflitos que lle sexan sometidos polas partes.
- 3.º. Vixilancia do cumprimento do pactado.
- 4.º. Estudo da evolución das relacións entre as partes contratantes.
- 5.º. Entender, entre outras, cantas xestións tendan á maior eficacia do convenio.

**Procedemento.**—Os asuntos sometidos á comisión paritaria revestirán o carácter de ordinarios ou extraordinarios.

A comisión paritaria outorgará tal cualificación por unanimidade de todos os seus membros.

No primeiro suposto (Carácter Ordinario), a comisión deberá resolver no prazo de trinta días, e no segundo (Carácter Extraordinario), no máximo de dez días. Ambos en relación coa data de notificación certificada. Se a consulta á comisión paritaria se produce dentro do procedemento establecido para solventar as discrepancias que xurdisen no período de consultas para a non aplicación das condicións de traballo contidas no artigo 82.3 do ET, o referido prazo será de sete días.

Procederán a convocar a comisión paritaria, indistintamente, calquera das partes que a integran.

As partes nomearán un ou dous secretarios/as, quen terán como labor, entre outros, a recepción da correspondencia dirixida á comisión paritaria, dándolle o trámite necesario.

As partes acordan que, en caso de discrepancias sométense a aplicar as pautas marcadas polo Acordo Interprofesional Galego sobre Solución Extraxudicial de Conflitos (A.G.A.).

## **CAPÍTULO II.—CONTRATACIÓN E CLASIFICACION FUNCIONAL**

### **Artigo 7.º Contratación. Estarase ao disposto no convenio estatal de xardinería.**

O persoal, en función da modalidade de contratación, clasifícase en:

#### **a) Persoal fixo.**

É aquel traballador/a que se precisa de modo permanente para realizar os traballos propios das actividades de xardinería, salvo que da propia natureza da actividade ou dos servizos contratados dedúzase claramente a duración temporal dos mesmos.

Adquirirán a condición de traballadores/as fixos, calquera que sexa a modalidade da súa contratación, os que non fosen dados de alta na Seguridade Social no prazo máximo de 10 días.

Igualmente presumirase concertados por tempo indefinido os contratos temporais celebrados en fraude de lei.

**b) Persoal eventual.**

1. O persoal contratado temporalmente polas empresas para atender o incremento ocasional e imprevisible da actividade e as oscilacións, que aínda tratándose da actividade normal da Empresa, xeneran un desaxuste temporal entre o emprego estable disponible e o que se requira. Entre as oscilacións as que se refire o párrafo anterior se entenderán incluídas aquelas que derivan das vacacións anuais.

A duración de este contrato non poderá ser superior a un ano. En caso de que o contrato concertárase por unha duración inferior a un ano, poderá prorrogarse, mediante acordo das partes, por unha única vez, sin que a duración total do contrato poida exceder de dita duración máxima.

2. Igualmente, as Empresas poderán formalizar contratos por circunstancias da produción para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada nos términos previstos no presente apartado. As Empresas solo poderán utilizar este contrato un máximo de noventa días no ano natural, independentemente das persoas traballadoras que sexan necesarias para atender en cada un de ditos días as concretas situacións, que deberán estar debidamente identificadas no contrato. Estes noventa días non poderán ser utilizados de maneira continuada.

**c) Persoal con contrato para a formación e o aprendizaxe.**

- O número de aprendices non poderá ser superior a:

De 26 a 50 traballadores/as: 4 aprendices.

De 51 a 100 traballadores/as: 5 aprendices.

Máis de 101 traballadores/as: o 4% do persoal.

- No non regulado anteriormente estarase ao establecido no E. T. E no R.D-Ley 32/2021, de 28 de decembro.

**d) Persoal con dereito a reserva de posto de traballo.**

É o contrato para substituír a traballadores/as de persoal nas súas suspensións de contrato; maternidade, paternidade, excedencias, baixas por incapacidade temporal ou permante revisable, e outras de análoga natureza. Se transcorrido o referido período o traballador/a continuase ao servizo da empresa, pasará a formar parte do persoal da mesma.

Os contratos do persoal que substitúe a traballadores con dereito a reserva de posto, deberán formalizarse necesariamente por escrito e facerse constar o nome do traballador substituído e a causa da substitución. Caso de non ser certo o nome do traballador substituído ou a causa da substitución, os traballadores así contratados deberán entenderse para todos os efectos como traballadores fixos desde a data do contrato.

Se estará ao disposto no artigo 15.3 do ET e Real Decreto Ley 32/2021, do 28 de decembro.

**e) Persoal en contrato de relevo.**

Estarase ao establecido no Estatuto dos Traballadores, no convenio sectorial e a normativa reguladora de aplicación.

**f) Calquera outro persoal cuxa contratación se teña establecida por disposición legal.**

A empresa garantirá a máxima estabilidade nos postos de traballo. Para as novas contratacións, a empresa dará prioridade ás persoas que traballaron anteriormente na mesma, dando conta diso ao comité de empresa.

**g) Persoal con contrato fixo discontinuo.**

Cando se produzan vacantes de postos fixos o persoal de carácter fixo discontinuo terá prioridade para ocupalas, por orde de antigüidade coa excepción daqueles postos de traballo que necesiten unha formación especial ou experiencia como poda, condución de vehículos con carné tipo C ou superior, maquinaria especial ou automatización de regos.

**Artigo 7 BIS: Subcontratación**

Non se poderá subcontratar empresas para a prestación da propia actividade salvo para casos específicos que a empresa non pode prestar por si mesma, como podas en altura e outros traballos que pola súa execución foran especiais, extraordinarios ou que o prazo de execución sexa moi corto; ou as que están incluídas no prego de condicións e na oferta da empresa.

**Artigo 8.º Clasificación funcional.**

O persoal estará encadrado atendendo ás funcións que executa na empresa nalgún dos seguintes grupos profesionais: técnico, administrativo, manuais ou oficios varios.

Cada grupo profesional comprende los subgrupos profesionales ( ou categorías), que para cada un deles se especifican:

**a) Grupo Persoal técnico:**

**1. Subgrupo Técnico licenciado.**—Posúe título profesional superior e desempeña funcións ou traballos correspondentes e idóneos en virtude do contrato de traballo concertado en razón do seu título de xeito normal e regular e con plena responsabilidade ante a dirección ou xefatura da empresa.

**2. Subgrupo Técnico diplomado.**—Traballa ás ordes do persoal de grao superior ou da dirección e desenvolve as funcións e traballo propios segundo os datos e condicións técnicas esixidas de acordo coa natureza de cada traballo. De xeito especial estalle atribuído: estudar toda clase de proxectos, desenvolver os traballos que haxan de realizarse, preparar os datos que poidan servir de bases para o estudo de prezo e procurarse os datos necesarios para a organización do traballo das restantes categorías.

**3. Subgrupo Técnico titulado.**—Posúe o título expedido pola Escola de Formación Profesional de segundo Grao, sendo as súas funcións e responsabilidades as propias da súa titulación.

**4. Subgrupo Técnico non titulado.**—É o técnico procedente ou non dalgunha dos subgrupos de profesionais de oficio, que tendo a confianza da empresa, baixo as ordes do persoal técnico ou da dirección, ten mando directo sobre o persoal encomendado.

Ordena o traballo e dirixe a devandito persoal sendo responsable do desempeño correcto no traballo.

Coida das subministracións de elementos auxiliares e complementarios para o traballo dos equipos e brigadas.

Facilita aos seus xefes as previsións de necesidades e os datos sobre rendemento de traballo.

Ten coñecementos para interpretar planos, esbozos e gráficos e xulgar a execución e rendemento do traballo realizado polos profesionais de oficio.

**5. Subgrupo Delineante.**—É o persoal que desenvolve os proxectos e gráficos arquitectónicos e paisaxistas na oficina ás ordes da empresa.

**b) Grupo profesional Persoal administrativo:**

**1. Subgrupo Xefe administrativo.**—É quen asume, baixo a dependencia directa da dirección, xerencia ou administración, o mando ou responsabilidade no sector de actividades de tipo burocrático, tendo á súa responsabilidade o persoal administrativo.

Asimilarase a esta categoría o analista de sistemas de informática.

**2. Subgrupo Oficial administrativo.**—É aquel empregado/a que con iniciativa e responsabilidade, domina todos os traballos deste área funcional da empresa, con ou sen empregados/as ás súas ordes, despacha a correspondencia, encárgase da facturación e cálculo da mesma, elabora, calcula e liquida nóminas e seguros sociais, redacta asentos contables, etc.

**3. Subgrupo Administrativo.**—Realiza funcións de estatística e contabilidade, manexo de arquivos e ficheiros, correspondencia, taquimecanografía, informática, etc.

**4. Subgrupo Auxiliar administrativo.**—Efectúa tarefas administrativas que pola súa sinxeleza e/ou características repetitivas ou rutineiras, non requiren a experiencia ou capacitación profesional dun administrativo. Realiza funcións auxiliares de contabilidades e coadxuvantes da mesma, realizando traballos elementais de administración, arquivo, ficheiro e mecanografía. Atende ao teléfono e posúe coñecementos de informática a nivel de usuario.

Todo o persoal administrativo con perfecto coñecementos de idioma/s escrito/s ou falados que utilicen o/s mesmo/s a disposición da empresa de modo habitual, cobrará o denominado plus de idiomas, sendo a súa contía de 50 € mensuais.

**c) Grupo Profesional Persoal de oficios manuais:**

**1. Subgrupo Encargado ou mestre xardineiro.**—É o traballador/a de confianza da empresa que posuíndo coñecementos suficientes da actividade de xardinería, así como coñecementos administrativos e técnicos, áchase á fronte do equipo de traballadores/as manuais ostentando o mando sobre eles, organiza e distribúe os traballos e efectúa o control dos seus rendementos.

**2. Subgrupo Oficial xardineiro.**—É o traballador/a que ten o dominio do oficio, executa labores propios da plantación e conservación do xardín, con iniciativa e responsabilidade, ata as operacións máis delicadas. Debe coñecer as plantas de xardín e de interior, interpretar os planos e esbozos de conxunto e detalle, e de acordo con eles reformular o xardín e os seus elementos vexetais e auxiliares en planta e altimétrica, e así mesmo os medios de combater as pragas correntes e as proporcións para aplicar toda clase de insecticidas, é responsable do bo uso, limpeza e mantemento das máquinas e ferramentas que utilice para a realización do seu traballo e conduce vehículos con permiso de conducir de clase B.

Está ás ordes do encargado ou mestre xardineiro e ha de marcar as directrices para o traballo dos subgrupos inferiores.

**Podador.**—É o oficial xardineiro que durante a tempada de poda, realiza os labores propios de pódada e limpeza de toda clase de árbores e palmeiras con rube ou medios mecánicos e é responsable do bo uso, limpeza e mantemento das máquinas e ferramentas que utilice para a realización do seu traballo.

**3. Subgrupo Oficial condutor.**—Son aqueles traballadores/as que de forma habitual e permanente, conducen vehículos da empresa que precisan de permisos de conducir tipo C, D ou E, colaborando na descarga a condición de que non haxa persoal para iso, responsabilizándose do bo acondicionamento da carga e descarga así como ao seu control durante o transporte.

Deberá ter pleno coñecemento do manexo dos accesorios do vehículo (volquete, guindastre, tractel, etc.). Será responsable do coidado, limpeza e conservación do vehículo ao seu cargo.

Áchanse incluídos neste subgrupo aqueles que realizan os seus traballos mediante o manexo de maquinaria pesada, como puidese ser a título orientativo: escavadoras, pas cargadoras, retroescavadoras, motoniveladoras e similares.

Nos períodos que non haxa traballo da súa especialidade, deberá colaborar nos distintos traballos da empresa sen que iso implique diminución do salario e demais dereitos da súa categoría profesional, dado que a este subgrupo clasifícalla como polivalente.

**4. Subgrupo Xardineiro.**—É aquel traballador/a que se dedica a funcións concretas e determinadas que sen dominar propiamente o oficio, esixen práctica e especial habilidade, así como atención nos traballos a realizar. Deberá ter coñecemento ou práctica, como mínimo das operacións que a continuación se describen e non tan só dunha delas:

- Desfonde, cavado e escarda a máquina.
- Preparación de terras e abonos.
- Arranque, embalaxe e transporte de plantas.
- Plantación de calquera especie de elemento vexetal.
- Recorte e limpeza de ramas e froitos.
- Poda, aclarado e recorte de arbustos.
- Preparación de insecticidas e anticriptogámicos e o seu emprego.
- Protección e entitoraxe de árbores, arbustos e trepadoras, etc.
- Utilizar e conducir tractores, maquinaria e vehículos con permiso de conducir de clase B, así como os seus elementos accesorios, sendo responsable do seu bo uso, limpeza e mantemento.
- Regas automatizados.

**5. Subgrupo Auxiliar xardineiro.**—É aquel traballador/a que realiza traballos consistentes en esforzo físico e que non require preparación algunha; son funcións propias deste subgrupo:

- Desfonde, cavado e escarda do terreo a man.
- Manipulación de terras e abonos sen realizar preparacións.
- Transporte, carga e descarga de planta ou calquera outro xénero.
- Regas en xeral e reaxustes na rede de regas.
- Limpeza de xardíns (zonas verdes, pavimentos, papeleiras, instalacións de auga, etc.).
- Segado do céspede.
- Plantacións baixo a supervisión do superior inmediato.
- Recollida de elementos vexetais (ramas, follas, céspede, etc.)
- Conduce os distintos tipos de transporte interno como dúmpers e análogos.
- Cumprimentar todas aquelas instrucións manuais respecto das súas funcións que reciban dos seus superiores ou traballadores de categoría superior e é responsable do bo uso, limpeza e mantemento das máquinas e ferramentas que utilice para a realización do seu traballo.

O persoal con categoría de Auxiliar Xardineiro con máis de dous anos de traballo efectivo na categoría, promocionará á categoría de Xardineiro.

**6. Subgrupo Peón xardineiro.**—É aquel traballador/a maior de 18 anos, sen experiencia algunha no sector.

Executa traballos para os cales non se require preparación algunha, nin coñecemento técnico nin práctico. A súa misión está baseada na colaboración máxima ás ordes do traballador/a ou traballadores/as de categoría superior.



A permanencia neste subgrupo profesional, non poderá superar seis meses, pasando automaticamente ao subgrupo superior. Queda a criterio da empresa a redución deste tempo.

**7. Subgrupo Aprendiz.**—É o contratado para adquirir a formación teórico práctica necesaria para o desempeño adecuado do subgrupo profesional de Xardineiro.

**8. Subgrupo Vixiante.**—Ten ao seu cargo o servizo de vixiancia diúrna ou nocturna de calquera dependencia da empresa ou obra que realice.

**9. Limpador/a.**—Todo o persoal que realice a limpeza de oficinas e servizos desta actividade, percibirá o salario en proporción ás horas de dedicación.

#### **d) Grupo Profesional de Persoal de oficios varios**

Son aqueles traballadores que realizan traballos complementarios de xardinería talles como: ensolados e pavimentos artísticos, colocación de bordos e escaleiras de pedra natural e artificial en seco ou en formigón; formación de estanques, muros cerramentos ou soportes metálicos ou de madeira, alicerces para formación de pérgolas e sombraxes, etc.; cerramentos con estacas de madeira, portas, carpintería na formación das «casetas de xardineiro», empalizadas e formación de pérgolas, etc.; pintar enreixados, instalacións eléctricas, iluminación da «casa de xardineiro», caseta de cans, paxareira, etc.; instalacións de rega con tubaxe enterrada para conectar mangueras de rega ou caño libre ou por aspersión; instalación de canalizacións de auga de entrada ou saída dos estanques ou longos chafarices, instalacións de auga en xeral, plataformas, ancoraxes de invernadoiros, posta en marcha de caldeiras e quemadores, control de calefacción, reparación de invernadoiros, montaxe de sistema de rega, traballos de mecánica e soldadura, limpeza dos locais do centro de traballo, labores de gardería das ferramentas e da maquinaria, etc.; asimilándose ao Oficial Xardineiro, Xardineiro, Auxiliar de Xardinería e Peón segundo o seu cualificación.

#### **Artigo 9.º Período de proba.**

Poderá concertarse por escrito un período de proba, que en ningún caso poderá exceder de:

- Seis meses para os Técnicos Titulados,
- Un mes natural para os demais traballadores.

O empresario e o traballador están respectivamente obrigados a realizar as experiencias que constitúen o obxecto da proba.

Será nulo o pacto que estableza un período de proba cando o traballador haxa xa desempeñado as mesmas funcións con anterioridade na empresa baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes á súa categoría profesional e ao posto de traballo que desempeñe, coma se fóra de persoal, excepto os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se producira o desestimento, o contrato producirá plenos efectos computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador/a na empresa.

A situación de incapacidade temporal que afecte ao traballador/a durante o período de proba, interrompe o cómputo do mesmo, sempre que se produza acordo entre ambas as partes

#### **Artigo 10.º Ascensos e promocións.**

Todo o persoal terá, en igualdade de condicións, dereito de preferencia para cubrir as vacantes existentes nas categorías superiores ás que ostentasen no momento de producirse a mesma.

A enumeración e preferencia dos méritos para os ascensos determinaranse a continuación. .

Cando se esixan probas de aptitude, serán preferentemente de carácter práctico, sen que esixan esforzo de memoria referíndose principalmente ás funcións ou traballos propios das prazas que deban proverse, tendo en conta o que se dispón seguidamente:

**Grupo de técnicos.**— Os ascensos de todo o persoal deste grupo faranse por probas de aptitude preferentemente entre o persoal da empresa.

**Grupo de persoal administrativo.**— Os xefes administrativos serán considerados como cargos de confianza e xa que logo de libre designación.

Os ascensos no persoal administrativo, non serán por tempo de permanencia senón por capacitación, sempre que existan vacantes.

**Grupo de profesionais de oficio manuais e oficios varios.**— Os encargados e mestres xardineiros considéranse cargos de confianza e xa que logo, son de libre designación polas empresas.

As vacantes que se produzan nas restantes categorías cubriranse por probas de aptitude considerándose como mérito preferente en igualdade de condicións, a antigüidade.

Nas vacantes definitivas ou postos de nova creación, calquer traballador da empresa terá dereito á promoción de dita vacante en igualdade de condicións ao resto de candidatos tendo en conta a antigüidade, condicións físicas e técnicas do mesmo, para o cal, a empresa previamente a publicación ou oferta de ditas vacantes dará traslado o Comité de Empresa para que o difundan simultaneamente a través dos medios habituais de comunicación cos traballadores/as; asambleas, taboeiro,...

Para as coberturas de vacantes temporais terase en conta ao persoal que xa prestou servizos na empresa e sempre que cumpran as condicións do posto de traballo e resultasen adecuados en contratacións anteriores.

#### **Artigo 11.º Traballos de superior e inferior categoría.**

O persoal de xardinería poderá realizar traballos da categoría inmediatamente superior a aqueles que estea clasificado, non como ocupación habitual, senón en casos de necesidade perentoria e curta duración, que non exceda de oitenta días ao ano, alternos ou consecutivos.

Durante o tempo que dure esta prestación, os interesados cobrarán a remuneración asignada á categoría desempeñada circunstancialmente, debendo a empresa, se se prolongase por un tempo superior, cubrir a praza de acordo coas normas regulamentarias sobre ascensos.

Así mesmo, se por conveniencia da empresa destínase a un produtor a traballos de categoría profesional inferior á que está adscrito, sen que por iso prexudíquese a súa formación profesional nin teña que efectuar labores que supoñan vexación ou menoscabo da súa misión laboral, o traballador/a conservará a retribución correspondente á súa categoría.

Se o cambio de destino ao que se refire o parágrafo anterior, tivese a súa orixe na petición do traballador/a asignaráselle a retribución que corresponda ao traballo efectivamente prestado.

#### **Artigo 12.º Preaviso de cesamento.**

O persoal que desexe cesar voluntariamente na empresa deberá preavisar cun período de antelación mínimo de sete días naturais.

O incumprimento do prazo do preaviso ocasionará unha dedución na súa liquidación correspondente aos días que se deixou de preavisar.

A notificación de cesamento, realizarase por escrito, que o traballador/a asinará por duplicado devolvéndolle un exemplar co enterado.

#### **Artigo 13.º Excedencia.**

Os traballadores/as cun ano de antigüidade poderán solicitar a excedencia voluntaria por un prazo superior a catro meses e inferior a cinco anos. Os períodos inferiores poderán prorrogarse ata os cinco anos en total.

Os traballadores que gocen dunha excedencia voluntaria e queiran acollerse a outra deberán deixar transcorrer polo menos un ano desde a finalización da primeira excedencia para que a empresa lla conceda.

As peticións de excedencia quedarán resoltas pola empresa nun prazo máximo de quince días.

Se o traballador/a non solicitase o reingreso cun preaviso de 30 días, perderá o dereito dun posto na Empresa, sendo admitido inmediatamente no caso de cumprir tal requisito na mesma categoría e posto que tiña cando a solicitou.

Os traballadores/as que soliciten excedencia como consecuencia de ser nomeados para o exercicio de cargos públicos e sindicais, non necesitarán dun ano de antigüidade para solicitala, concedéndose obrigatoriamente nestes casos, sendo admitido inmediatamente ao cumprir o seu mandato. Neste suposto e durante o tempo de excedencia computarase aos efectos de antigüidade.

Se o traballador/a en excedencia non se reincorporase, o substituto, pasará a formar parte do persoal como fixo respectándolle a antigüidade.

### **CAPÍTULO III**

#### **Artigo 14.º Xornada de traballo.**

##### **Horarios mañana:**

- Horario único de 8:00 a 15:00 para todo el año. Este horario comenzará a partir do 01 de setembro de 2022
- Para os sábados se poderá optar por un de estes dous sistemas a partir do 01/01/2023:
  - a) Permanecer no horario actual " 8 sábados por ano, con horario 8 a 13" .



b) Traballar só 4 sábados ao ano de 8 a 13 . Recuperando o menor computo horario , en tres tardes ao ano de 5 horas ( de16:00 a 21:00 , período de Marzo a Outubro).

Personal técnico e mandos: Se poderán realizar quendas de tarde e de fin de semana, respetando a xornada establecida en convenio, para o personal técnico e de oficinas para servizos incluídos no novo prego de condicións. A tal efecto, se terá en conta como xornada ordinaria e se comunicará con alomenos dez días de antelación y expresando as causas que o motivan.

**Horario de tarde**, según oferta PPTT, para personal temporal o de nova contratación, agás os vixiantes que xa prestan servizos pola, que seguirán co horario que xa tiñan:

Horario limpeza TB: de Luns a sábados de 15:15 a 21:00

Horario limpeza TA: de Luns a sábados de 15:15 a 23:00

Horario reforzo siega TA de Luns a venres de 15: 15 a 20:45

**Horario de Domingos e Festivos (vixiantes e limpeza especiais):**

Temporada baixa de 8:00 a 21:00

Temporada alta de 8:00 a 23:00

Os horarios se adaptarán a esta prestación de servizos

Considéranse como días non laborables o 24 de Decembro e o 31 de decembro. Se algún deses día coincidise en sábado ou domingo librarase o día laborable anterior.

O tempo de traballo efectivo computarase de modo que, tanto ao comezo como ao final da xornada diaria, o traballador/a atópese no seu posto de traballo e dedicado ao mesmo.

Nos parques e grandes extensións de terreo nos que o inicio da actividade no posto de traballo implique un longo tempo de desprazamento desde a caseta ou vestiario ata o posto de traballo, a xornada comezará a computarse cando o traballador/a, debidamente equipado de roupa e útiles de traballo, saia da caseta ou vestiario para dirixirse ao lugar no que ha de realizar o seu traballo, e finalizará cando o traballador/a debidamente equipado de roupa e útiles de traballo, entre o a caseta ou vestiario.

Os traballadores gozarán dentro da súa xornada, dun descanso de 20 minutos por xornada completa traballada, que se considerará como tempo efectivamente traballado.

A xornada máxima diaria non poderá superar as oito horas de traballo efectivo. Se ben se poderá pactar a distribución irregular da xornada ó longo do ano, non podendo superar en ningún caso as nove horas diarias de traballo efectivo.

Para que poida producirse este suposto de distribución irregular da xornada, será imprescindible o mutuo acordo entre a empresa e os representantes legais dos traballadores.

A empresa, dacordo cos representantes dos traballadores elaborará o calendario laboral, debendo expolo en lugar visible en todos os centros de traballo.

Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte, mediarán, como mínimo doce horas.

**Artigo 15.º Horas extraordinarias.**

A prestación de traballo en horas extraordinarias será voluntaria.

Terán a consideración de horas extraordinarias cada hora de traballo que se realice sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo, fixado de acordo co artigo anterior. Aboaranse as horas extraordinarias ao prezo que se detalla na táboa seguinte:

	2021	2022	2023	2024
	2,5%	3,5%	2,5%	2,00%
De luns a sábados	18,50	19,15	19,63	20,02
Domingos e festivos	27,90	28,88	29,60	30,19

En todo caso, o valor das horas extras será incrementado na súa cuantía cada un dos anos de vixencia deste convenio nas mesmas porcentaxes que as establecidas para o salario base mensual, según o establecido no artigo 25.

As horas extraordinarias poden ser compensadas con descansos, por cada hora extra realizada de luns a sábado con dúas horas de xornada normal e por cada hora extra realizada os domingos e festivos por tres horas de xornada.

En ausencia de pacto entenderase que as horas extraordinarias realizadas deberán ser compensadas mediante descanso do traballador.

O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a 80 ao ano.

Para os traballadores/as que pola modalidade ou duración do seu contrato realicen unha xornada en cómputo anual inferior á xornada xeral na empresa, o número máximo anual de horas extraordinarias reduciranse na mesma proporción que existe entre tales xornadas.

Non se terá en conta, a efectos da duración máxima da xornada ordinaria laboral, nin para o cómputo do número máximo das horas extraordinarias autorizadas, o exceso das traballadas para previr ou reparar sinistros ou outros danos extraordinarios urxentes, sen prexuízo do seu abono coma se tratácese de horas ordinarias.

A realización de horas extraordinarias rexistrarase día a día e se totalizaráanse semanalmente, entregando copia do resumo semanal ao traballador /a no parte correspondente.

Para que os representantes legais dos traballadores poidan controlar as horas extraordinarias que se realicen as empresas farán entrega de copia-resumen mensual das realizadas.

#### **Artigo 16.º Vacacións.**

O período será dun mes natural retribuído.

Fíxase como período de goce entre o 1 de xullo e o 30 de setembro. O período vacacional terá sempre que comezar en día laborable de luns a venres.

Se por necesidades da empresa precisase que algún traballador/a as goce fora do período reflectido anteriormente, o traballador/a terá dereito a trinta e catro días naturais de vacacións, e aboaranse os seguintes importes polo desfrute das vacacións fora dos meses de período estival (xullo, agosto, setembro);

Ano 2021; 6 € por día disfrutado fora do período.

Este incremento de días de vacacións será reducido proporcionalmente se o traballador/a gozase algún día dentro do período de xullo a setembro. Esta medida será de carácter excepcional, utilizando persoal voluntario ao tal efecto.

O salario a percibir durante o período de goce de vacacións calcularase achando a media das cantidades ou conceptos salariais e antigüidade, excluídas as horas extraordinarias, percibidos polo traballador/a durante os seis meses naturais inmediatamente anteriores á data en que comezou o goce do período vacacional.

Se no momento de iniciar o período vacacional o traballador/a estivese en situación de I.T., terá dereito ao goce das mesmas dentro do ano natural, cando se incorpore ao seu posto de traballo. O novo período de goce asignarao a empresa dacordo co traballador/a.

O persoal que non leve un ano completo de servizos gozará dos días que lle correspondan proporcionalmente ao tempo de traballo.

As vacacións poderanse gozar en períodos mensuais ou quincenais en función das preferencias dos traballadores e previo acordo entre a empresa e o comité de empresa.

Cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións da empresa coincida no tempo con unha incapacidade temporal derivada do embarazo, o parto ou a lactancia natural ou co el período de suspensión do contrato de traballo previsto nos artigos 48.4 e 48.bis do Estatuto dos Traballadores, terase dereito a disfrutar das vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á do disfrute do permiso que lle correspondese, o finalizar o período de suspensión, aínda que terminase o ano natural a que correspondan.

No suposto de que o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal por contingencias distintas ás do párrafo anterior que imposibilite ó/á traballador/a disfrutalas, total o parcialmente, durante o ano natural a que corresponden, o/a traballador/a poderá facelo unha vez remate a súa incapacidade e sempre que no transcurrisen máis de dazaíto meses a partir do remate do ano no que se orixinaran.

Por acordo entre empresa e traballador/a se poderán establecer 30 días laborables anuais librables a elixir polo personal tanto en datas como en cuantía. Coa única salvedad de respetar o equilibrio en cada grupo de traballo, e non coincida un número excesivo ao mesmo tempo. Se inclúen nos días laborables os días de asuntos propios polo que son 22 de vacacións mais 8 de asuntos propios: 30 días laborables.

#### **Artigo 17.º Licenzas.**

Os traballadores/as terán dereito aos seguintes permisos especiais retribuídos, sen perxuízo dos establecidos no ET, aboándose estes como efectivamente traballados:

- a) Por matrimonio, 17 días naturais.
- b) Por hospitalización, intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, intervención cirúrxica grave, enfermidade ou accidente grave ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, 4 días naturais se é na provincia onde reside o traballador e 5 días naturais se é fóra da mesma. A efectos do desfrute destes días, os dous primeiros serán consecutivos á data de hospitalización, podendo tomar ou resto dos días nun período máximo de 15 días desde a data da hospitalización, sempre en xornadas completas. O número de días laborables a disfrutar en caso de fraccionamento do permiso non poderá ser superior ao número de días laborables que correspondería ao permiso non caso do seu desfrute desde ou día do feito causante.
- c) Por falecemento de parentes de terceiro grao de consanguinidade ou afinidade 1 día natural.
- d) (...)
- e) O tempo necesario para a asistencia aos exames a que deba concorrer o traballador para estudos de Formación Profesional, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Universitarios e exame do permiso de conducir.
- f) Dous días por traslado de domicilio.
- g) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ao que esta dispoña en canto a duración da ausencia e á súa compensación económica.
- Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis de vinte por cento das horas laborais nun período de tres meses, poderá a empresa pasar ao traballador afectado á situación de excedencia regulada no apartado 1 do artigo 46 do E.T. No caso de que o traballador, por cumprimento do deber ou desempeño do cargo, perciba unha indemnización descontarase o importe da mesma do salario a que tivese dereito na empresa.
- h) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.
- i) Os traballadores/as por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia ao traballo que poderán dividir en dúas fraccións. Pola súa vontade, poderán substituír este dereito por unha redución de xornada normal en media hora coa mesma finalidade.
- j) Quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de doce anos ou a un diminuído físico ou psíquico que non desempeñe outra actividade retribuída, terá dereito a unha redución da xornada de traballo coa diminución proporcional do salario entre, polo menos, un oitavo e máximo da metade da duración daquela.
- k) Un día natural, dous días se é fóra da provincia, por matrimonio de pais, fillos, netos e irmáns, dun ou outro cónxuxe co límite anual máximo de tres vodas por ano natural ou proporcionalmente se fose inferior ao tempo de duración do contrato de traballo.
- l) Polo tempo necesario para asistencia ao médico con posterior xustificación.
- m) Establécense oito días asuntos propios anuais. Ademais, a petición do traballador, poderá permutar os días 24 e 31 de decembro por dous días máis de asuntos propios, obtendo así dez días de asuntos propios o ano. Aqueles traballadores que teñan unha antigüedade na empresa superior aos 28 anos, terán un día adicional de AP ao ano, manténdose dito día en anos posteriores.
- O traballador deberá avisar o seu goce coa maior antelación posible, e en todo caso con polo menos 48 horas á súa goce, salvo caso de forza maior. Os traballadores con contrato inferior a un ano gozarán estes días de xeito proporcional á duración do seu contrato.
- n) Terá a mesma consideración que cónxuxe, a persoa que conviva de xeito estable co/a traballadora e así o comunicou cunha antelación de seis meses e por escrito á empresa.

#### CAPÍTULO IV

##### Artigo 18.º Réxime disciplinario.

Os traballadores poderán ser sancionados pola dirección das empresas en virtude de incumprimentos laborais, de acordo coa gradación de faltas e sancións que se establecen nos artigos seguintes.

A enumeración dos diferentes tipos de faltas é meramente enunciativa e non implica que non poidan existir outras, as cales serán cualificadas segundo a analoxía que garden con aquelas.

**Artigo 19.º Gradación das faltas.**

As faltas cometidas polos traballadores ao servizo das empresas clasificaranse atendendo á súa importancia e circunstancias concorrentes en leves, graves e moi graves.

**Artigo 20.º Faltas leves.**

Consideraranse faltas leves as seguintes:

1. Ata tres faltas de puntualidade nun mes ou faltar ao traballo un día ao mes, sen motivo xustificado.
2. Non comunicar, con carácter previo, a ausencia ao traballo e non xustificar dentro das 24 horas seguintes a razón que a motivou, salvo imposibilidade de facelo.
3. O abandono do posto de traballo, sen causa ou motivo xustificado, aínda por breve tempo, sempre que devandito abandono non fose prexudicial para o desenvolvemento da actividade produtiva da empresa ou causa de danos ou accidentes aos seus compañeiros de traballo, en que poderá ser considerada como grave ou moi grave.
